

05

Recollida, xeolocalización en Galicia Nomeada e estudo da microtoponimia de Baredo (Baiona)

Brais Costas Fragueiro
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo_ O obxectivo desta investigación foi a revisión e o incremento do material toponímico da parroquia de Baredo (Baiona, Pontevedra) presente en Galicia Nomeada, froito na súa meirande parte do Proxecto Toponimia de Galicia. Igualmente, este traballo tamén se prestou para a recolección doutro patrimonio inmaterial asociado á toponimia e, evidentemente, para fortalecer e valorar os vencellos sociais coa familia e coa veciñanza. Á par disto, os topónimos rexistrados foron estudados e clasificados semanticamente e, nalgúns casos concretos, tamén etimoloxicamente. Para iso, foi necesario acudir ás fontes tanto orais coma escritas.

Palabras clave_ onomástica; microtoponimia; Galicia Nomeada; clasificación semántica; patrimonio inmaterial.

Sumario_ 1. Introducción. 2. Metodoloxía. 2.1. Fontes escritas. 2.2. Fontes orais: os informantes. 3. Revisión e incremento dos topónimos en Galicia Nomeada. 4. Análise semántica. 4.1. Deonomástica. 4.1.1. Antropotoponimia. 4.1.2. Haxiotopónimos. 4.1.3. Xentilicios. 4.2. Delexical. 4.2.1. Agrotopónimos. 4.2.2. Cromotopónimos. 4.2.3. Ecotopónimos. 4.2.4. Fitotopónimos. 4.2.5. Hidrotopónimos. 4.2.6. Hodotopónimos. 4.2.7. Litotopónimos. 4.2.8. Morfotopónimos. 4.2.9. Orotopónimos. 4.2.10. Topónimos que remiten á posición relativa. 4.2.11. Talasotopónimos. 4.2.12. Zootopónimos. 4.3. Toponimia opaca. 5. Conclusións. Agradecementos. Referencias bibliográficas.

Collection, geolocation in Galicia Nomeada and study of the microtoponymy of Baredo (Baiona)

Abstract_ The objective of this research was to review and expand the toponymic material from the parish of Baredo (Baiona, Pontevedra) present in Galicia Nomeada, largely the result of the Proxecto Toponimia de Galicia. This work also served to compile other intangible heritage associated with toponymy and, of course, to strengthen and highlight social ties with the family and the neighbourhood. At the same time, the toponyms were studied and classified semantically and, in some specific cases, also etymologically. This required resorting to both oral and written sources.

Key-words_ Onomastics; microtoponymy; Galicia Nomeada; semantic classification; intangible heritage.

Contents_ 1. Introduction. 2. Methodology. 2.1. Written sources. 2.2. Oral sources: informants. 3. Revision and expansion of toponyms in Galicia Nomeada. 4. Semantic analysis. 4.1. Deonomastics. 4.1.1. Anthropotoponymy. 4.1.2. Hagiotoponyms. 4.1.3. Demonyms. 4.2. Delexical analysis. 4.2.1. Agrotoponyms. 4.2.2. Chromotoponyms. 4.2.3. Ecotoponyms. 4.2.4. Phytotoponyms. 4.2.5. Hydrotoponyms. 4.2.6. Hodotoponyms. 4.2.7. Lithotoponyms. 4.2.8. Morphotoponyms. 4.2.9. Orotoponyms. 4.2.10. Toponyms that refer to relative position. 4.2.11. Thalassotoponyms. 4.2.12. Zootoponyms. 4.3. Opaque toponymy. 5. Conclusions. Acknowledgments. References.

Brais Costas Fragueiro. Orcid 0009-0002-1542-2970. brais.costas.fragueiro@usc.es. Universidade de Santiago de Compostela. España.

Esta investigación contou co financiamento dun contrato FPU, na convocatoria de 2023.

1.

Introdución

A toponimia galega e, en particular, a microtoponimia caracterízanse polo seu número, pola súa variedade e pola súa antigüidade (Navaza, 2007: 16). Así pois, supoñen un considerábel patrimonio inmaterial que sobrevive moitas veces na memoria da veciñanza. Para evitar a súa desaparición, cómpre seguir levando a cabo traballos de campo que recollan estes repertorios toponímicos, acompañados da súa xeolocalización e, na medida do posíbel, do seu estudo.

Para a sobredita tarefa, hoxe en día é ineludíbel empregar a plataforma colaborativa Galicia Nomeada, posta en marcha en 2020 pola Real Academia Galega en colaboración coa Xunta de Galicia. Aquí están introducidos os topónimos recolleitos durante o extinto Proxecto Toponimia de Galicia (PTG). Mais o seu esteo principal é a participación cidadá, de tal xeito que calquera persoa ou entidade pode rexistrarse nela. Tras obter a habilitación pertinente, a web permite subir novos topónimos sobre a cartografía, ademais de incluír a súa pronuncia, unha fotografía ou calquera outra información salientábel (por exemplo, literatura oral asociada). Amais diso, tamén é posíbel suxerir un cambio nun topónimo previamente colgado. Toda a información, accesíbel e pública, é validada por un comité.

Nesta liña, o propósito desta investigación foi a revisión e o incremento da microtoponimia da parroquia de Baredo (Baiona, Pontevedra) subida en Galicia Nomeada, proveniente maioritariamente do devandito PTG. Para a consultar, pódese facer unha busca avanzada por provincia, concello e freguesía. Ademais, buscouse recoller outro patrimonio inmaterial (cantigas, lendas etc.) vencellado con ela. Alén diso, os topónimos rexistrados foron estudados semanticamente e, nalgúns casos concretos, tamén etimologicamente.

Para iso, houbo que recorrer tanto ás fontes orais coma á documentación histórica presente ben en arquivos específicos, nomeadamente o Arquivo Histórico Municipal de Baiona, ben noutros accesíbeis na rede. Neste último caso seguiuuse a Méndez (2016: 171-187), quen sinala a utilidade dos córpora CODOLGA e TMILG e mais dos arquivos Galiciana, o Arquivo Histórico Universitario da USC (AHUSC), o Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) e o portal PARES. Ademais, resultou moi proveitoso o catálogo ATOPO da Deputación de Pontevedra.

2.

Metodoloxía

2.1. Fontes escritas

Así pois, a primeira etapa do desenvolvemento deste traballo foi o baleirado de toda a microtoponimia de Baredo presente nas devanditas fontes escritas. O corpus CODOLGA forneceu varios rexistros, a maioría tirados de transcricións de documentos relativos ao mosteiro de Santa María de Oia:

terra de Toronio, id est eremita Sancti Cosmetis cum suo cuoto et cum suis terminis, quomodo dividitur cum Varedo et cum Vayna et cum Moradi et cum Belsar. et isti sunt termini, videlicet: cum **Varedo** dividitur per valle qui dicitur de **Estremam**, quomodo vadit ad Piam de cercaria et cum Moradi (ca. 1135-1138)

una nostra hereditate quam habemus in Varedo quartam partem de **agro do Emir** et una leiram **da Muar** (1222) quam habemus in termino de Uaredo scilicet de **Portela de Baina** usque ad **Portela** que dicitur de **Force-la** in montinus et in fontibus (1231)

habemus in termino de **Uaredo** uidelicet quartam partem de hereditate que dicitur **Balena** simul cum duos quiniones que comparauimus de Riadigos (1246)

No portal PARES constan a meirande parte dos anteriores documentos, mais tamén se rexistran algúns outros como:

con todos seus pertiicementos auemos en **Varedo** delo **Rio de Soberada** assi como vay ao mar e como vay aa **Forcadela** de **Virdusedo** assi como uay contra Vahina (1266)¹
dello canpo que chaman as **Perdenal** como deçende a mar e doutra como uerte agoa des **Fforçella** (1303)²

Para o século XVI en diante foi necesario acudir ao Arquivo Histórico Municipal de Baiona (AHMB), en que se encontra documentación con bastante información toponímica. Cómpre mencionar aquí a edición realizada por García Oro e Portela Silva (2003) das actas municipais correspondentes ao século XVI. Por exemplo, nunha delas, datada en 1564, advírtese de que “çiertas personas particulares abian achado e labrado muchos montes e pastos [...] en **Chan de Lamelas** y **Fontedante**”.

Ora ben, a fonte con maior relevancia para a elaboración de traballos coma este é o Catastro de Ensenada (CME, 1753) e as posteriores comprobacións (CCME, 1763). A continuación, na descrición das estremas da parroquia de Baredo, pódense ler varios topónimos aínda vivos na actualidade:

Poniente y Naciente con la mar de **Salgueiras** y **Fontela**; y sur con la dicha feligresía de Mougaz; y principiando su demarcación de la parte de Levante en la cruz que se nombra **de Baiña** que sirve de Marco, ba a dar a la **Lagoa de San Cosme** confinando con dicha de Baiña, y de allí al **Outeiro do Galo**, y de este al de **Turubelas**, a la **Portela de Baiña** donde sirve de marco la peana de una Cruz y asi siguiendo con el propio confin ba hasta el **Monte Alto**, **Outeiro das Cintenelas** y a la casa que se sirve de tal de Matheo de Comesaña y de allí a la **Laxe da Rexa dos Finados** en cuio sitio esta una Cruz confinando con el termino de Baiona, de donde ba siguiendo por la orilla de la Mar a dar al **Cruzero de Forzelo** donde se alla un marco fuera del mismo de la heredad que se nombra de Bartholome Granja y demarcando con la dicha de Mougaz pasa a otro marco que esta sito en la heredad de Juan Varreiro da Cela, de este al **Outeiro do Moucho, y do Home**, cuio marco es una piedra augerada a la **fuelle de Loureiro** de alli a los mojones do **Monte da Pernal**.

Da mesma maneira, abundan propiedades con nomes como *Subatorre*, *O Lume* e *Fonte de Ante*. Secasí, os topónimos aparecen moitas veces en cadeas onomásticas (véxase a figura 1), tales como *Francisco Barreyro da Bouza*, *Antonio de la Granja da Costa*, *Francisco Meniño das Lajes*, *Juan Duran do Outeyro*, *Francisco Pérez da Cachada* e *Domingo Barreyro da Cela*, que corroboran a existencia dalgúns barrios³ da parroquia excluídos do Nomenclátor vixente.




Figura 1. Cadeas onomásticas no CCME (1763).

- 1 ES.28079.AHN/10//CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1802,N.24.
- 2 ES.28079.AHN/10//CLERO-SECULAR_REGULAR,Car.1814,N.10.
- 3 Emprégase *barrio* coa acepción de 'aldea, lugar', habitual no Val de Miñor.

A maiores, os libros de amillamento de 1881 e de 1947⁴ son dúas compilacións que proporcionaron unha cuantiosa listaxe de microtopónimos de parcelas agrarias. Ademais, é preciso salientar dous traballos de campo previos: a talasonimia recuperada por Vilar Pedreira (2008) e mais a recollida de Martínez del Tamuxe (1972), que axudaron a completar o proceso de baleirado de topónimos. Neste último artigo, o autor enumera un número significativo deles xunto con algúns apuntamentos históricos e etnográficos. Finalmente, tamén se consultaron os arquivos documentais familiares, que poden ofrecer resultados de certo interese. Unha vez reunida, toda esta información organizouse nunha base de datos xeral, que alcanzou preto duns 700 nomes. Esta foi a ferramenta fundamental da investigación, pois como se explicará máis adiante, serviu como guía en determinados momentos do traballo de campo.

2.2. Fontes orais: os informantes

O proceso de consulta das fontes orais desenvolveuse en tres etapas separadas no tempo. A primeira, entre 2020 e comezos de 2021, supuxo unha aproximación a partir dunha serie de nomes que me indicara miña avoa. Estes serviron de referencia para as posteriores localizacións. En setembro de 2021 iniciouse a segunda etapa. O proceso de busca de informantes baseouse no coñecemento previo da veciñanza. Unha vez contactados todos eles, o traballo de campo desenvolveuse ata decembro dese mesmo ano.

A pesar de que entre 2022 e 2024 se recolleron algúns topónimos soltos, foi a comezos de 2025 cando se finalizou a investigación. Amais dalgún dos anteriores, durante esta etapa destacan achegas na talasonimia. Aínda que tres informantes andaban nos 90 anos, a meirande parte dos entrevistados tiñan entre 60 e 85 anos (soamente dous tiñan arredor de 30 anos, mais con fortes vínculos co agro). En total, achegaron a súa valiosa información 35 persoas. Para unha maior clarificación, cubríronse fichas de informante, segundo o modelo de Marqués Valea (2003: 19). Nestas inclúense datos como o lugar de nacemento, a idade, os anos de residencia no lugar, a profesión, a súa orientación ou a calidade da localización dos topónimos.

Desenvolvéronse dous tipos diferentes de entrevista: individuais e colectivas. As primeiras, nalgúns casos, foron conversas informais en que se lles preguntaba por lugares en concreto, onde se sabía que eles vivían ou traballaban. As entrevistas colectivas consistiron en reunións durante varias tardes de dous grupos de informantes duns 70 anos; por unha banda, dous irmáns; pola outra, un matrimonio e unha amiga. Esta última entrevista foi moi frutífera, pois proporcionaron uns 200 nomes. O emprego deste método confirmou que serve para os informantes se apoiaren uns nos outros, consultaren e resolveren dúbidas, achegaren diferentes variantes para un mesmo topónimo e, por riba de todo, crearen un ambiente moito máis propicio para un percorrido tan vasto.

Naqueles casos en que existiu a posibilidade de acceder aos sitios fisicamente, a entrevista fíxose alí. Aínda así, debido ao afastamento ou inaccesibilidade de moitos topónimos e á falta de mobilidade da meirande parte dos informantes, moitas entrevistas leváronse a cabo na casa. Os informantes foron sinalando libremente os nomes que ían recordando e, amais diso, tamén se lles preguntaba por zonas da cartografía sen rexistro de topónimos ou que parecían de especial interese (fontes, presas, regueiras, outeiros etc.). Usouse tamén a base de datos obtida do baleirado de fontes, que resultou francamente produtiva. Ora ben, tamén houbo bastantes topónimos que non foi posíbel xeolocalizar correctamente. Ademais, hai que subliñar a facilidade para manexaren a cartografía dalgúns deles.

4 Enténdese por *amillamento* unha 'relación administrativa de propietarios e bens inmobles'. Pódese consultar no AHMB Leg. 3.264, exp. 2; AHMB Leg. 1.230, exp. 2; e AHMB Leg. 1.231, exp. 1.

Na maioría dos casos, tomouse nota da transcripción fonética de cada topónimo nun papel. Pero nalgúns nomes concretos decidiuse gravalos de viva voz ben por presentaren algunha peculiaridade, ben por seren variantes fonéticas diferentes. Estes audios foron arquivados para a súa posterior consulta.

3.

Revisión e incremento dos topónimos en Galicia Nomeada

Previamente a esta investigación, en Galicia Nomeada xa estaban rexistrados uns 250 topónimos grazas ao desaparecido PTG, como se indicou ao comezo. A fase de revisión consistiu en corrixir, principalmente, erros na localización, na clasificación e no nome. Non se procedeu a solicitar ningunha modificación ata ter a total seguranza obtida mediante o contraste de varios informantes e a consulta das fontes escritas. Todas estas suxestións foron finalmente aceptadas polo comité técnico.

As *Cadeiras*, *Os Portelos* ou *O Caneiro*, que nomean barrios, estaban desprazados e incluso algúns, como *Vila Rosa*, pertencen á vila de Baiona. Sobre a clasificación, *O Montinho* e *Suastorres* aparecían como parte de aldea, cando hoxe xa son consideradas aldeas independentes; mentres que *Porrido* e *As Pedriñas* estaban rexistrados como aldeas, cando son partes de aldea, e, do mesmo modo, *O Pinal* tamén rezaba como aldea cando só é o nome dunha casa.

Esta cuestión dos barrios foi tratada con bastante detemento. No Nomenclátor de Galicia cóntanse doce aldeas, tres delas con erros no artigo (*Bouza* debería levalo; *O Cancelo* e *O Carballo* non)⁵. Non aparecen barrios históricos como *O Cabreiro*, *A Cachada*, *A Cela Vella*, *A Costa*, *As Laxes*, *O Outeiro*, *O Ramal*, *O Sinal* e *As Xestas*. Tampouco se rexistraron outros novos como *O Baleal*, *Lombán*, *O Montinho*, *A Pedra*, *A Revolta*, *O Río Pequeno* e *Suastorres*. Sorprende que si se inclúa *Rocamar*, nome imposto durante o *desarrollismo* franquista tras a construción dun complexo hostaleiro e residencial no lugar. Os terreos edificados chamábanse *Cagar de Vacas*, *Area de Vacas*, *As Pedriñas* e *Cresteláns*. O núcleo de casas próximo era *O Ramal* (véxase a figura 2).

No caso das correccións dos nomes, o erro máis habitual foi, igualmente, a ausencia de artigo, como en *O Piñeiro*, *O Val da Cela*, *A Zapata*, *A Fonte Bieita* e *O Barrocal*; amais do emprego do plural secundario habendo rexistros orais en singular, como *Os Redondos* ou *Os Topelos*. Algunhas grallas detectadas foron *As Cadeiras* (por *As Cadeiras*), *Escarabellados* (por *A Escaravellada*), *O Xisto* (por *O Sisto*), *O Cruseiro* (por *O Cruceiro*), *A Seba* (por *A Sebe*), *O Pinar das Mós* (por *O Pinal das Mós*), *O Corubeiro* (por *O Corveiro*), *O Banco da Negra* (por *O Barco da Negra*), *A Gaiada* (por *A Gallada*), *A do Gouldrón* (por *A do Goldrón*) e *A Ucha* (por *A Hucha*).

No caso de *As dos Meniños* suxeriuse cambiar para *As dos Miniños*, por coherencia co apelido ao que seguramente faga referencia. Para *Os Campos de Millo* engadiuse que só recibe ese nome en Mougás, mentres que en Baredo é chamado *Os Campos*; e a *A Arquiña* sumóuselle a denominación *A Pedra Alta*, como lle chaman os mariñeiros de Baiona. Mención á parte merece *Muíño da Estrela*, que é unha regaleguización feita durante o PTG de *Muíño de Estrela*, nome da antiga propietaria, segundo se puido comprobar tanto en fontes escritas como orais.

No que atinxe ás novas incorporacións, creouse previamente unha base de datos propia con todos os topónimos recollidos con cadansúa transcripción fonética, tipoloxía (e subtipoloxías), barrio ao que pertencen (se se atopa no núcleo habitado) e, de ser preciso, comentarios. Contrastouse oral e documentalmente a informa-

5 Véxanse, por exemplo, as seguintes cantigas: “En Baredo hai boas mozas / e na Ponte, a flor delas. / En Carballo, as carraxonas / no Cabreiro, as taramelas” e “O paxaro de María / foi ás uvas a Cancelo. / Todo paxaro ten pluma / e o da María ten pelo”.

ción obtida. Seguíronse os criterios de Galicia Nomeada para as graffías dos nomes. Entre eles: respecto polos dialectalismos, non intervención nos castelanismos, preferencia polo singular (en caso de existiren plurais secundarios) e inclusión do artigo sempre que fose pronunciado polos informantes. No caso de diferentes variantes rexistráronse todas. En total, computáronse 665 topónimos.



Figura 2. Captura dun fragmento do mapa da microtoponimia no Ramal en Galicia Nomeada.

Cómpre subliñar que, ao igual que acontece noutros lugares, o corpus dos topónimos recolleitos transcende os lindes da parroquia. Incluso nalgúns casos conflúen varias denominacións para un mesmo lugar segundo a freguesía de procedencia do informante. Por esta razón, nesta investigación decidíronse incluír nomes situados en Mougás, Baiona ou Baiña. Alén da *Enseada de Castro* tamén se recolleron outros talasónimos por faenaren alí baredáns como, por exemplo, *A Eira do Banco* (na Pedra Rubia, Mougás), *A de Modesto*, *A do Valente* e *Onde caíu Emilia* (que lembran accidentes, en Pedornes e San Xián), incluso tramos da estrada que percorrían as argaceiras (*A Recta da Hostia* e *A Recta do Cáliz*, cuxa orixe se debe, segundo os informantes, a que unha veciña de Baredo dixo “Cago na recta da hostia”). Porén, aínda que estes foron subidos a Galicia Nomeada, non se inclúen neste estudo.

4.

Análise semántica

Unha vez concluídas as fases de enquisa de campo, contraste e xeolocalización, procedeuse a estudar o material recolleito. En primeiro lugar, separáronse os nomes transparentes (518 ocorrencias) dos opacos (27 ocorrencias). De tal maneira, contabilizouse unha maior porcentaxe (concretamente, o 95%) de topónimos que se poden clasificar semanticamente. Por razóns de espazo, omítense neste estudo os topónimos compostos por un xenérico e mais outro nome xa estudado (por exemplo, *A Presa da Torre*).

Adóitanse diferenciar dous grandes grupos, como indica Martínez Lema (2017: 38), aqueles “baseados no repertorio léxico da lingua” fronte a aqueloutros con “elementos onomásticos preexistentes”. Distínguense, entón, a toponimia delexical e a toponimia deonomástica. Martínez Lema (2017: 38-39) estrutura, á súa vez, a deonomástica en catro seccións: antropotoponimia (a partir dun nome de persoa), haxiotoponimia (relativo aos nomes de santos e santas), etnotoponimia (ausente neste repertorio) e xentilicios (formados a partir doutro topónimo preexistente para indicar a orixe dos seus habitantes ou posesores).

Non é tan doado establecer as extremas no caso da toponimia delexical. Consultadas varias propostas, de-

cidíuse optar pola sobredita (Martínez Lema 2017: 43-50), con algunhas modificacións. Así, a clasificación empregada é zootoponimia, fitotoponimia, orotoponimia, hidrotoponimia, litotoponimia, agrotoponimia, ecotoponimia, cromotoponimia, talasotoponimia e hodotoponimia. Inclúense, a maiores, dúas seccións: a morfotoponimia e a toponimia vinculada coa posición relativa.

4.1. Deonomástica

4.1.1. Antropotoponimia

Os antropotopónimos constitúen un grupo bastante numeroso, polo que é pertinente dividilos segundo estean formados por nomes persoais, apelidos, alcumes, outros poseores e naónimos.

Encóntranse nomes de persoa en *A Bernalda* (< *A de Bernaldo*), *A de Clara* (no CME-LRL *A de Crara*), *A Mina de Urbano* e *O Muíño de Urbano*, *A Pelonia* ou *O Cocho da Polonia* (variantes de *Apolonia*), *A Regueira da Mariña*, *A Regueira do Valente*, *A Tomada da Tía Salú*, *A Tomada de Agustina*, *A Tomada de Calumbra*⁶, *A Viña de Macías*, *A Xoaniña*, *A/O Val de Martín*, *Cama de Arias*⁷, *O Baixo de Ignacio*, *O Campo Simón* e *A Regueira do Simón*⁸, *O Jose-siño*, *O Lucio*, *O Muíño de Estrella*, *O Pinal do Valente*, *O Pozo de Florinda*, *O Río de Amaro* ou *O Río da Mar* e *Os Outeiros do Mingos*. Ás veces, empréganse hipocorísticos como en *O Campo Xabel* ou *O Campo Sabel* (< *Isabel*), *O Muíño de Chuca* (< *Francisca*) e *Os Outeiros do Rique* (ou de *Rique* ou de *Henrique*).

Un caso singular son as cadeas onomásticas presentes en *O Portelo Xan Rouco* (tamén rexistrado en plural secundario *Os Porteloxanroucos*) e *Xan Durán*, ao igual que *Xan Branco*, en Mougás. Na CCME (1763) da parroquia, como se pode observar na figura 3, aparecen como veciños *Juan Rouco* e *Juan Durán*, castellanizados, que na fala aínda debían de seguir sendo *Xan*, segundo indican os devanditos testemuños toponímicos actuais.




Figura 3. *Juan Rouco* e *Juan Durán* no CCME.

Testemúñanse tamén dous antropotopónimos procedentes de xenitivos de poseores de nome xermánico. *O Ermil* (no CME-LRL (1753) lese *Ermil*; nun documento de 1773⁹, *Canzela de Armille*) pode vir do xenitivo *Ermildi* (de *Ermildus*; HGNB: 121). *Blandarís* (ben documentado como *Brandaris*¹⁰) deriva do xenitivo **Brandarici* (de *Brandaricus* ou *Brandericus*; HGNB: 104).

Os apelidos tamén foron a base para a creación dos microtopónimos de *A de Barros*, *A dos Miniños*, *A Enseada*

- 6 No lugar de Santa Comba (Loureza, Oia) celebran a festa de *Santa Calumbra*, evidentemente castellanizada. Con certeza, o nome desta muller foi por influencia desta santa próxima.
- 7 Segundo a lenda popular, nesta pedra vivía un personaxe chamado *Arias*, que tiña as unllas moi longas e a quen lle gustaba rabuñar nas pedras (e de aí as súas marcas). Cando cumpría cortalas, aos nenos dicíaselles que tiñan “as uñas como Arias”. *Airas* ou *Airas* é un antigo nome galego, frecuente na Idade Media e de etimoloxía escura (cf. GNG).
- 8 *Simón* tamén é unha palabra viva na parroquia co significado ‘de pouco carácter, apoucado, parvo’.
- 9 AHMB, Leg. 76, exp. 11, 1773, 6r.
- 10 AHMB, Leg. 79, exp. 6, 1762, 2v, 4v; Leg. 76, exp. 17, 1776, 2v.

de Castro, A Horta de Durán, A Horta dos Barreiros, As Alboresas (<A de Alborés, apelido bastante común na zona e con orixe nos lugares de Alborés Grande e Alborés Pequeno, en Priegue, Nigrán), O Campo de Cadaval, O Campo do Trinta e O Muíño dos Barreiros. Barreiro, Durán e Miniño son hoxe apelidos moi comúns na parroquia.

Da mesma maneira, os alcumes son outro dos recursos para formación de topónimos como A Caseta do Demo, A Costa do Bolo, A Costa do Marau (cf. DdD: s. v. *marau* 'bobo, imbécil'), A do Gabirro, A do Goldrón (cf. DRAG: s. v. *goldrón* 'persoa moi sucia' ou 'que come moito e calquera cousa'), A do Neto, A dos Choscos, A dos Demos, A Enseada da Gancha, A Enseada do Tato, A Enseada dos do Peito Ancho, A Fonte Loureira e A Presa Loureira¹¹, A Gabexa, A Gaiteira, A Manota (<A do Manoto, variante de *maneto*), A Maragata (<A do Maragato), A Palanca (<A do Palanco, hai evidencias orais deste alcume na parroquia), A Portela do Neto, A Regueira do Conde, A Regueira do Mexón, A Regueira do Negro (cf. López Hermida e Rey Álvarez 2024: 70), A Tarabola (cf. DdD: s. v. *tarabola* 'persoa que descobre facilmente os segredos'), A Viña da Caminera, A Volta (e A Regueira) dos Nove, As Garexas, O Cochiño da Rata, O Muíño do Gancho, O Muíño do Pixote ou do Fedouchas e Os Valados Franceses. Preto de Brandariz, os informantes recordaron a existencia de terreos tomados do monte en man común mougalés por parte de veciños de Baredo: O Campo do Pentellas, O Campo do Viana, O Campo da Crega e O Campo Leal. Casos singulares son os conectados coa literatura oral. O Valado da Vella e O Silleiro da Vella poden aludir ao personaxe mítico da Vella, vivo especialmente no Galiñeiro (Zamáns e Vincios) en A Cova da Vella e Afumegha a Vella (Rodríguez González, 2005: 147-148). P. D. C. sinalou que recibía este nome porque as vellas ían xogar alí ás cartas e a rapazada, á pelota. A Fonte dos Mortos, segundo a tradición, recibe este nome por ser o lugar onde paraban as comitivas fúnebres cando ían cara a Baiña, cando Baredo aínda non tiña igrexa propia¹².

Tamén hai outros que se refiren ao alcume da familia propietaria que, á súa vez, remite ao nome do barrio en que vivían, como A Tomada da Ponte (propiedade da familia chamada Os da Ponte, que vivía no barrio homónimo), A Tomada das Xestas, O Campo da Bouza e O Muíño da Torre. O Pinal do Rei, O Muíño do Abá, A Viña do Cura, A Tomada do Cura e O Valado das Monxas vincúlanse coa monarquía e coa Igrexa (por exemplo, o convento de Baiona), propietarias de terreos.

Cómpre salientar dous topónimos, O Cunichán e mais O Abecé, que aluden a dous naónimos. O Collingham e o ABC foron dous barcos que naufragaron en 1906 e en 1931, respectivamente. Dende entón os seus nomes designan o lugar do afundimento (cf. Vilar Pedreira, 2008: 79).

4.1.2. Haxiotopónimos

Non hai atestacións de topónimos que fagan referencia explícita a un santo ou santa, soamente Santo Antón (e mais O Cruceiro de Santo Antón) nos rexistros históricos, mais actualmente este barrio pertence á parroquia de Baiona. Hoxe rexístrase como San Antón.

4.1.3. Xentilicios

Cresteláns seguramente remita a unha comunidade vida dende o lugar de Cristelos (Barrantes, Tomiño). O alcume gondomarés *Cristaleiro* (cf. López Hermida & Rey Álvarez, 2024: 64) seguramente teña a mesma orixe. Ademais, *Cristelos* provén da voz CASTRĒLLUM, derivada do latín CASTRUM 'fortificación' mais o sufixo diminutivo, con metátese do /r/.

4.2. Delexical

11 No CME testemúñase unha *Fonte de Loureiro*. Posibelmente a actual *Presa Loureira* fose tamén *A Presa de Loureiro*. Na parroquia existe unha familia chamada *As Loureiras*.

12 Baredo constituíuse como parroquia eclesiástica independente de Baiña a comezos do século XIX (Cameselle Bastos 1997: 41-42).

Como se explicou na epígrafe 4, a clasificación delexical segue a proposta de Martínez Lema (2017: 43-50), con algunhas pequenas variacións. Deseguido, en cada apartado, clarifícanse cada unha das subdivisións feitas anteriormente.

4.2.1. Agrotopónimos

Enténdese como agrotopónimos aqueles que gardan certa relación coa actividade agraria. Inclúense aquí os que describen os diferentes tipos de propiedades de cultivo como *A Chan do Eido*, *A Chousa*, *A Curta*, *A Horta Nova*, *A Leiriña*, *A Veiga do Eido*, *A Veiga Vella*, *A Veiguiña*, *As Amillaradas* (cf. Navaza, 2006: 353), *As Cartiñas*, *As Eiras*, *As Hortas da Fonte*, *As Hortas do Río*, *As Hortas*, *As Leiriñas*, *As Raxeiras*, *As Veigas*, *O Agro*, *O Aral*, *O Campo*, *O Chousiño*, *O Cocho*, *O Eido*, *O Enxido*, *Os Campos de Cancelo*, *Os Campos*, *Os Cochiños* e *Os Cochos*. *O Campo da Fome* recorda un “duro foro”, segundo Martínez del Tamuxe (1972: 5) e *Campo de Lume* (no CCME, *O Lume*) pode referirse ao dereito da *luminaria*, quizais da capela da Cela.

Igualmente, entran dentro desta categoría aqueloutros que aluden aos peches das parcelas, como *A Sebe*, *Cancelo*, *O Portal das Xestas* e *Os Portelos*, ou estoutros, que recordan que as terras foron gañadas ao monte, tales como *A Cachada*, *A Carboeira*, *A Cerrada*, *A Escaravellada* (cf. Navaza, 2007: 146), *A Revolta*, *A Tomadiña*, *A Vesada*, *As Cachadas*, *As Cavadiñas*, *As Moxenas* (cf. DRAG: s. v. *moxena*), *As Tomadas Abertas*, *O Cacheiro*, *O Campo da Cachada* e *O Valado do Cacheiro*.

4.2.2. Cromotopónimos

Á hora de clasificar os cromotopónimos, é dicir, aqueles que se refiren á cor, é máis doado derregar os lindes. Boullón Agrelo (2019: 343-344) conclúe que na toponimia maior galega as cores maioritarias son branco, negro, verde e vermello, seguidas con moita menor intensidade de pardo, amarelo e multicolor. O azul é raro na toponimia hispánica.

Así pois, no caso da cor branca testemúñase *Penadalba*, *A Pedra Blanca*, *O Barro Blanco* e incluso *A Viña Blanca*. Para a cor negra recóllese *A Laxe da Ferruxenta*, *A Negriña*, *Os Mouróns*, *O Tizón* e *As Negras*. O verde está presente en *Verdecelo*, ao igual que *Verducedo* (cf. Navaza, 2006: 555), e o vermello, en *Val de Vermello* e *A Roxa*.

4.2.3. Ecotopónimos

A definición de *ecotopónimo* é das máis difíciles de delimitar. Martínez Lema (2017: 48) defende que son aqueles topónimos “cuxa base léxica se vincula semántica e referencialmente aos diferentes tipos de construcións humanas e/ou agrupacións de edificios”. Porén, neste traballo, semella pertinente abranguer tamén aqueloutros que aluden a actividades sociais ou a outras tarefas económicas diferentes da agricultura, que non teñen que ser necesariamente edificacións.

Algúns deles remiten a vivendas (ou núcleos delas) como *A Casa Queimada*¹³, *As Casas*, *As Casas Vellas da Bouza*, *Os Casás* e *Vilanova*; a ruínas, como *As Paridiñas* e *Os Pardiñeiros*; a soares, como *O Solar*; terreos circundantes, como *A Eira* ou *A Eira Nova*; e a pequenas construcións como *As Cabanas*, *A Caseta de Lata*, *As Casetas de Porrido* ou *O Lagar* (cf. Navaza 2007: 120). O substantivo *curro*, vinculado coa rapa das burras, está presente en *A Fonte Currelos*, *O Alto do Curro*, *O Campo do Curro*, *O Curro dos Potros* e *Os Outeiros do Curro*. Cabería incluír tamén *O Sisto* (cf. Cabeza Quiles 2020: 164).

Outros recordan a realización doutras actividades económicas (*A Ferrería*; *A Maquía*, cf. Luna e Navaza 2022:

13 Segundo a tradición, foi a primeira casa de Baredo.

168) ou sociais (*O Xogo dos Bolos*). Tamén se encontran referencias a edificacións singulares, como *A Torre e Suastorres* (cf. Hermo González 2013: 54), *As Baterías*, *O Faro Vello*, *O Faro Novo* (ou *de Silleiro*), *A Enseada do Faro*, *O Adro do Faro*, *O Adro*, *A Porta da Igrexa*, *A Casa das Autopsias* ou *das Novenas* e *A Viña da Taberna*.

Neste grupo entraría *A Cela Vella* (< lat. CĚLLAM VĚŤŮLAM, cf. Cabeza Quiles 2008: 183-184), onde se situou unha ermida cuxa existencia se documenta, polo menos, dende 1414, nun documento da catedral de Tui (Martínez Tamuxe 1981: 7). Segundo a crenza popular, a Virxe da Cela apareceu no mar, concretamente na *Arquiña*¹⁴. Tras a independencia de Baredo a comezos do século XIX e a construción da nova igrexa en Cancelo, a capela foi derrubada. No seu recordo, ergueuse no mesmo sitio unha garita, coñecida hoxe como *O Monumento*. Secasí, Nosa Señora da Cela converteuse na patroa da freguesía e *Cela* aínda se emprega como nome de muller. Nas inmediacións atópanse *O Pinal da Cela*, *O Val da Cela* e *Suacela*.

4.2.4. Fitotopónimos

Os fitotopónimos engloban os nomes de lugar que remiten á flora e á vexetación, *lato sensu*. Nunha posíbel división, pódense diferenciar, por unha banda, aqueles que fan referencia ao cultivo de cereais e hortalizas, como *A Serra dos Melóns*, *As Porretiñas* (cf. Navaza 2006: 430), *Bouza Fariña* (cf. Navaza, 2006: 254), *Os Alcouvos* (cf. DRAG: s. v. *alcouve*) e *Os Campos de Millo*. Por outra banda, cómpre salientar a presenza de árbores froiteiras, como en *A Carreña* (denominación local do froito da ameixeira brava), *A Figueira*, *A Regueira das Pereiras*, *A Viña Blanca*, *As Castañeiras*, *As Figosas* e *As Maceiras*.

Do mesmo modo, recórrase á flora silvestre: *A Candieira*, *A Carballeira*, *A Cerca*, *A Chan do Barbadouro* (cf. Navaza 2006: 77-79), *A Costán dos Pinos*, *A Enseada dos Loureiros*, *A Foupa* (< lat. FALŪPPAM, cf. Navaza 2006: 280), *A Moreira*, *A Toxeira*, *As Abrotias* (variante de *abrótea*, cf. Navaza 2006: 31), *As Coviñas do Feito*, *As Toxeiras*, *As Xestas*, *As Xesteiras*, *As Xestiñas*, *Carballo*, *Feitoso*, o seu replicante *Feitosiño* (*feito* é unha variante local de *fieito*), *O Carballal*, *O Ortigal*, *O Piñeiro*, *O Xestal*, *Os Amieiros*, *Os Cerquidos* (< lat. CERQUĚTUM, abundancia de carballos, cf. Navaza 2006: 213)¹⁵, *Os Salgueiros*, *Os Toxos Altos*, *Porrido* (cf. Navaza 2006: 429) e *Salgueiras*, amais dos xenéricos *A Bouza do Val*, *A Bouza*, *A Devesa*, *As Devesas*, *A Fraga* e *Boucelo*.

Cómpre subliñar tamén a mención de cogomelos en *Os Cantareles* (cf. DRAG: s. v. *cantarelo*) e de algas en *O Pozo do Argazo* e *Os Carromeiros* (cf. DRAG: s. v. *carromeiro*).

4.2.5. Hidrotopónimos

Os hidrotopónimos remiten semanticamente á auga. Inclúense aqueles que botan man dos cursos de auga, como en *A Fonte Regueira* (*Fontearjeira* no CME-LRL), *A Rega*, *A Volta do Rego*, *As Regueiras*, *As Tres Regueiras*, *O Caneiro*, *O Cano Largo*, *O Rápido*, *O Regueiriño*, *O Regueiro*, *O Río de Baredo*, *O Río Pequeno*, *O Río*, *Os Arroíños*, *Os Arroios*, *Os Campos do Río*, *Os Ríos*, *Os Torniños* (cf. Navaza 2007: 119), *Ribós*¹⁶ e *Tres Ríos*. A súa abundancia colíxese en *A Pernal* (< lat. PERENNALE 'constante, que non seca'), *Nace A Agua*, *O Muíño Acugulado*, *Terra de Agua* e *Tremechán* (cf. DRAG: s. v. *tremedal* 'terreo, xeralmente cuberto de herba, en que nace auga e que se move

14 Este relato recóllese na seguinte cantiga: "Nosa Señora da Cela / onde foi aparecer! / Aos Outeiriños da Arquiña / todo o mundo a foi ver". Como Baredo carecía de igrexa parroquial, tiveron que subir a imaxe nun carro de bois con dirección a Baiona (ou a Baíña, segundo a versión). Chegados a un determinado punto, en Fonte da Anta ou no cruceiro de Santo Antón (se ía cara a Baiona) ou na Fonte dos Mortos (se ía cara a Baíña), os animais deixaron de andar. Por tanto, quedou en Baredo.

15 A. M. G. narra unha historia de mouras asociada a este lugar.

16 No CME testemúñase como *Riobó*, posteriormente tamén *Riobós*. Sucede o mesmo con *Riodosos* e *Ridosos*.

ao pisalo') e tamén naqueles que indican terreos lamaguentos, como *As Barreiras*, *O Barreiriño* e *Lamelas*. Os segundos elementos de *O Campo do Ouro*, *A Cova do Ouro* (cf. Luna e Navaza 2022: 137) e *O Outeiro do Home* (cf. Navaza, 2007: 56) posibelmente sexan hidrónimos prerromanos.

Outros elementos son os pozos, por caso *O Pozo Colmado* (cf. DRAG: s. v. *colmado* 'cuberto con palla'), *O Pozo Didal* e *O Pozo de Florinda*; as pozas, como en *As Pozas de Agua* e *O Campo das Pozas*; as lagoas, en *A Chan da Lagoa* e *A Lagoa*¹⁷; as presas, en *A Presa*; e as fontes, en *A Fonte*, *A Fonte Bieita*, *A Fonte Cristalina*¹⁸, *A Fonte do Río*, *A Fonte Seca*, *As Fontiñas* e *Fontelo*.

4.2.6. Hodotopónimos

As vías de comunicación tamén son un elemento significativo á hora de nomear. Os hodotopónimos que se encontraron están relacionados con vías, como *A Estrada*, *A Horta do Camiño*, *A Quirincosta* (< lat. CO-ANGUSTAM, variante suroccidental de *congostra*, cf. Luna & Navaza, 2022: 217), *A Quirincosta da Fanigota*, *As Corredouras*, *O Outeiro do Camiño Novo* e *O Ramal*.

Este grupo atangue aqueles topónimos vinculados cos encontros de camiños e cos cruceiros adxacentes, como *A Cruz*, *A Chan da Cruz*, *A Encrucillada*, *O Cruceiro da Chousa ou de Riba*, *O Cruceiro da Encrucillada ou de Baixo ou de Cancelo*, *O Cruceiro da Ponte*, *O Cruceiro do Adro*, *O Cruceiro do Sinal*, *O Cruceiro* e *Os Cruceiros*. Os carros nomean *A Carral*, illote ao que se accede por un carreiro coa marea baixa, e *A Regueira onde Envorcan os Carros*.

Da mesma maneira, atinxe aqueloutros que indican un vao ou un paso, tales como *A Pasaxe*, *A Pasaxiña*, *A Portela*, *O Mal Paso* e *Os Tres Pasos*; unha ponte, como *A Ponte*, *A Pontiña*, *O Campo da Ponte* e *O Pontillón*; unha curva, como *O Camiño das Voltas*; un descanso, como *Os Pousos* (cf. Navaza, 2007: 31); e incluso elementos informativos, de vixilancia ou de alarma, como *A Sentinela*, *O Facho*, *O Letreiro*, *O Río do Peligro* e *O Sinal*.

4.2.7. Litotopónimos

Os litotopónimos fan alusión ás pedras. Este lexema *pedra* tópase en *A Pedra*, *As Pedriñas*, *As Peroxas*, *O Campo da Pedra*, *Os Pedridos* (tamén *Os Podridos*) e *Padarnela* (en 1727¹⁹ testemúñase *Padornela*; cf. Moralejo, 2007: 245-256). A voz *laxe* preséntase en *A Laxe*, *As Laxes*, *As Laxiñas* e *A Chan da Laxe*; e *area*, en *O Areal de Boucelo*. Noutros casos, alúdese á existencia de posíbeis megálitos como *A Arquiña* e *Os Outeir(i)ños da Arquiña* (cf. Cabeza Quiles, 2008: 45), *O Forno Vello* e *Fonte da Anta*²⁰, ou posíbeis petróglifos en *A Pedra das Cruces*. Os mollóns das estremas serviron para nomear *Os Marcos*.

4.2.8. Morfotopónimos

Os morfotopónimos son aqueles relativos á forma e ao tamaño dos terreos, das pedras ou doutros elementos da paisaxe. Segundo as dimensións, atéstanse *O Pozo Grande* e *O Josesiño Grande* fronte a *O Josesiño Pequeno*, *As Pulgas* (tanto en terra como no mar), *O Piollo*, *O Río Pequeno* e *Os Miúdos*.

Sobre a altitude atópanse *A Pedra Alta*, *O Cortiñalto* ou *O Curtín Alto* (seguramente sexa unha reinterpretación

17 Recóllese esta cantiga asociada: "Delicada, delicada / onde te foches meter! / Aos Outeiros da Lagoa / todo o mundo te foi ver".

18 Segundo a tradición, disque é boa para lavar os ollos.

19 AHMB, Leg. 87, exp. 4, 1727, 15r.

20 Polos testemuños escritos de *Fontedante*, podería tratarse tamén do apelido *Ante*, común na zona.

de *O Cortiñal*, atestado no CME-LRL), *O Monte Alto* e *Os Toxos Altos*. Acerca da lonxitude, pódense enumerar *A Longa*, *A Longuiña*, *A Mangarela* (cf. Luna & Navaza, 2022: 167) e *A Retella Longa*, *As Longas*, *Longarelas*, *O Campo Longo* e *O Rabete* (cf. Carrasco & Navaza, 2014: 137); da largura, *A Regueira Ancha*, *A Veiga Larga*, *O Cano Largo* e *O Outeiro Gordo*; e da redondez, *A Redonda*, *A Redondiña*, *O Redondo* (tanto en terra como no mar), *Os Outeiros do Campo Redondo* e *Os Rodeiros* (cf. Cabeza Quiles, 2008: 142).

A situación atravesada deulle nome a *O Alto da Regueira Travesa* e *A Atravesada* e o desprazamento dunha pedra, a *O Outeiro Caído*. A forma chá serviu para bautizar *A Parexa*²¹; e a feitura de picos, *A Gallada*, *Os Cornudiños*, *Os Picachos* e *Serreira*. Por ser unha pedra oca (cabem varias persoas dentro) chámase así *O Outeiro Furado*, igual ca *O Furado*. Outros recorren a metáforas para explicar a aparencia, como *A Cama da Negra*, *A Cama de Arias*, *A Campana*, *A Chedeira* (parte lateral do carro), *A do Rego*, *A do Reló*, *A Dobanadoura* (cf. DRAG: s. v. *debandeira*), *A Mediña*, *A Pichela*, *O Barco da Negra* e *O Pozo Didal* (variante de *dedal*).

4.2.9. Orotopónimos

Por orotopónimos enténdense os topónimos cuxa motivación é o relevo terrestre. As elevacións foron empregadas para nomear *As Serras*, *O Alto dos Outeiriños*, *O Cerro*, *O Monte Alto*, *O Montiño* e *O Outeiro*. Vinculadas coas anteriores, tamén se recorreu ás pendentes, como *A Chan do Lombo*, *A Costa*, *A Costán das Serras*, *A Costeira*, *A Lombada*, *Lombán*, *O Alto dos Lombos*, *O Barrocal* (cf. Luna & Navaza, 2022: 44), *O Lombo*, *O Montillón*, *O Recosto* e *Os Lombos*.

O feito de seren terreos fondos ou cóncavos está detrás de nomes como *A Buraca*, *A Buraquiña*, *A Covela*, *As Cadeiras*, *As Coviñas do Feito*, *As Mós*, *O Tope* e *O Topelo*. Estes están unidos semanticamente coa referencia aos vales, que se produce en *A Regueira da Val*, *A/O Val de Martín*, *O Outeiro do Soval* e *O Val da Cela*. Ao contrario, cando se trata de terras chás, encóntranse microtopónimos como *As Chans*, *A Chan*, *A Chan do Val de Martín* e *A Chan do Eido*.

4.2.10. Topónimos que remiten á posición relativa

A posición relativa dun lugar respecto doutros deu lugar ao seu nome. Os que se sitúan arriba, como *O Cruceiro de Riba*, *O Río Sobrado*²², *O Piñeiro de Riba* e *Sobrecampos* (ou *Soborcampos*), fronte aos que se sitúan abaixo, como *O Cruceiro de Baixo*, *O Piñeiro de Baixo*, *O Muíño de Abaixo* e *A Viña de Abaixo*. É moi recorrente o emprego da preposición *so* ou *su* (< lat. *SUB*) nestes casos. Véxanse *Sueira* (debaixo das *Eiras*), *Suastorres*, *O Outeiro do Soval* e as desaparecidas *Suacela*, *Suahorta* e *Suaviña*.

Incluso se atestan os que se localizan no medio, como *Entre As Cortiñas*, *As Meáns* (< lat. *MEDIANAM*, cf. Navaza 2007: 135), *A Negra do Medio*, *O Carreiro do Medio*, *O Cunchal do Medio* e *O Muíño do Medio*; os que se atopan diante e os que se atopan detrás, como *Tras da Casa*; os que se atopan dentro ou en terra, no caso dos talasónimos, como *A Negra de Terra* e *O Cunchal de Terra*, ou fóra, como *A Viña de Fóra* e *A Negra de Fóra*; ou segundo os puntos cardinais, como *A Parexa do Norte*, *A Parexa do Sur*, *A Brava do Norte*, *A Brava de Leste*, *O Rañacús do Sur*, *A Laxe de Leste* e *O Cunchal do Norte*. Son comúns algúns como *A Xinela* (cf. Luna & Navaza, 2022: 258), *O Alto do Viso*, *O Alto do Visiño* (ás veces, *do Veciño*) e *O Canto da Gloria* que se refiren ás boas vistas do lugar. *O Recantiño* alude á situación resgardada e *A Regueira do Cu* seguramente designe un camiño cego (cf. Carrasco & Navaza, 2014: 83).

21 *Parexa* 'chairo' é un castelanismo empregado na parroquia.

22 *Sobrado* (<SUPERATUM) pode indicar 'situado máis alto', pero tamén 'desbordado'.

4.2.11. Talasotopónimos

Os talasotopónimos son os relativos ao medio mariño. Como advirte Martínez Lema (2017: 49), “poden resultar practicamente imposíbeis de diferenciar dos orónimos e/ou dos litónimos”. Por un lado, a maioría están formados por un xenérico e mais un segundo topónimo tomado da contorna inmediata, por exemplo *A Enseada de Fornos*, *A Enseada do Ramal*, *O Baixo de Campo de Lume* (cf. Vilar Pedreira, 2008: 70), *O Portiño do Baleal*, *O Puntal de Serreira*, *O Serrón dos Cunchales* (cf. Vilar Pedreira, 2008: 74), *Os Cabezos da Polbeira*, *Os Petóns da Bombardeira* (cf. DRAG: s. v. *petón*) e *Os Petóns de Fornos*, entre outros.

Por outro lado, cómpre subliñar a presenza dalgúns que remiten ao bater e ao estrondo das ondas, como *A Bombardeira*, *As Bravas* e *As Bravas de Padarnela*, e tamén da auga empozada, como *A Alagadiza* (na fala *A Lagadiza*; cf. DRAG: s. v. *alagadizo*). Outras veces indica un lugar perigoso como *As Maulas* (cf. DdD: s. v. *maula* ‘engano’, ‘artificio encuberto’), *O Lobo* (e os replicantes *O Lobato* e *O Lobiño*), *O Rañacús* e *Rapacarallos* (en Mougás *O Pita o Tren* fai referencia á atención que se debe prestar ao acceder ao lugar). Noutros casos sinala abundancia de cunchas, por exemplo en *O Cunchido* e *O Cunchal* (ou *Os Cunchales*) ou o lugar para embarcar, *O Embarcadouro*. *A Enseada de Fornos*, *Cova de Baredo* (e *A Furnia*), *A Furnia da Negra*, *A Hucha* e *A Hucha da Negra*, con seguranza, remiten a furnas ou a pedras cóncavas. *A Pedra da Ribeira* e *A Beira do Mar* apuntan cara ás marxes de terra adxacentes ao mar.

4.2.12. Zootopónimos

O nome de certos animais e tamén os seus hábitats interveñen na formación dos zootopónimos. Os domésticos foron empregados para bautizar *A Fonte das Vacas*, *Area de Vacas* (por enterraren alí o gando), *O Cabreiro*, *O Curro dos Potros*, *O Outeiro da Cadela*, *O Outeiro do Galo* e *A Regueira do Gato* (este pódese considerar tamén un orotopónimo, cf. Luna & Navaza, 2022: 91).

Na mesma liña, os salvaxes áchanse en *A Agueira*, *A Chasca*, *A Martaraña*, *A Sapeira*, *As Abellas*, *As Porqueiras*, *O Outeiro da Perdiz*, *O Outeiro do Coello*, *Os Mouchos* e *Os Outeiros do Campo da Raposa*. Inclúense, ademais, algúns talasónimos que se refiren a animais mariños como *A Polbeira*, *As Centolas*, *Balea*, *O Baleal*, *O Corveiro*, *O Laño do Crongo* ou *do Congrio* e *O Niño do Corvo*.

Outros indican a presenza de tobos (*Os Tobales*) e excrementos, como en *Caga de Vacas* (ou *Cagar de Vacas*) e *A Cagada* (pedra cuberta polas dexeccións dos corvos mariños, ao igual que *Can Cagado*, en Mougás). Cómpre destacar *A Colga da Raposa*, que quizais remita á exposición dun raposo morto.

4.3. Toponimia opaca

Finalmente, reúnen aquí aqueles nomes que non se clasificaron nas anteriores epígrafes. Considéranse opacos mentres non se esclarezan por un estudo semántico e histórico máis detallado. Así e todo, algúns son transparentes, pero teñen unha motivación descoñecida:

A Bertonia (cf. Bascuas, 2014: 75; Búa, 2018: 22), *A Chan do Morrocán* (*Morrecán* ou *Morricán*), *A Compañía*, *A Condada*, *A de Platán* (CME-LRL, *Paratán*), *A Famaloria*, *A Fanigota* (CME-LRL, *Faneigota*; cf. DDGM: s. v. *faneiga*), *A Lapa de Parreal* (CME-LRL, *Parrial*), *A Morella*, *A Rendeiriña*, *A Retella*, *A Tamboriña*²³, *A Xangada*, *A Zapata*, *As*

23 Testemúñanse varias *A Tambora* nos concellos de Tomiño e Oia, en Galicia Nomeada.

Mixiñas, As Patas, Loudrelos, Os Ancarreatos (CME-LRL, *el Alcarriato*), *O Cornegal, O Couviño, O Lobate, O Monete, O Peso, Os Outeiros das Fensas, O Penicho, Samarón* (cf. Bascuas 2014: 282-292) e *Silleiro* (< *SĒLIĀRIUS < *SEILĪĀRIUS, relacionado coa raíz hidronímica *SEILA, cf. Bascuas 2014: 248). Rexístranse dous replicantes deste, *O Silleiro da Vella* e *Silleiriño*.

5.

Conclusións

Unha vez percorrida esta clasificación, cómpre recapitular todo o anteriormente exposto e buscar unha visión de conxunto. Como se pode observar na seguinte figura 4, en que se distribúen os preto de 520 topónimos transparentes estudados entre os diferentes bloques semánticos, os antropotopónimos gozan dunha certa vantaxe, mais semellan ser bastante equitativas as ocorrencias de fitotopónimos, morfotopónimos, agrotopónimos e mais hidrotopónimos. Os de xentilicios e os cromotopónimos son os menos frecuentes.




Figura 4. Clasificación semántica.

En conclusión, pór por escrito e situar no mapa nomes que quizais soamente sobreviviron na lingua oral é unha tarefa que resulta de vital importancia para a lingüística, pero non só iso. O estudo da microtoponimia préstase para un tratamento transversal. É un corpus de inesgotábel e valiosísima información para outros eidos como a historia, a etnografía, a xeografía, a botánica, a zooloxía e a arqueoloxía.

Porén, non foi posíbel situar uns 200 topónimos extraídos da documentación histórica, como "A Viña Brance-lla". Quizais xa estarán desaparecidos, mais outros tantos, con toda seguranza, aínda se manterán nalgúns veciños ou nalgunhas veciñas, incluso só reducidos a unha soa familia. Durante o traballo de campo en 2021 contouse con dous informantes excepcionais (P. D. C. e A. M. G.), que faleceron con 98 e 94 anos, respectivamente, antes da publicación deste artigo. Por iso mesmo, é urxente desenvolver proxectos de salvagarda da microtoponimia, antes de que informantes como os anteriores deixen de contar que aquela pedra en que xogaban se chamaba *O Silleiro da Vella*.

Agradecementos

A Albino, Álvaro, Aurelia, Aurita, Bautista, Beatriz, Carmen, Chechi, Concha, Domingos, Eladia, Elvira, Emilia, Emilio, Enriqueta, Fernando, Fina, Gonzalo, Ino, Javi, Jose, Marcial, Margarita, Mariano, Maruxa, Mingos, Óscar, Pablo, Paco, Pili, Puri, Serafina e Tina. A Amando, Celsa, Delia, Pilar e Rosalina *in memoriam*. A Cristina. A Ana Boullón, polas súas valiosas achegas.

Referencias bibliográficas

Bascuas, Edelmiro (2014). *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2019). "A toponimia galega en branco e negro". En Fernández Salgado, Xosé A., & Alonso Núñez, Aquilino S. (eds.), *Non haberá illa, pro hai o nome: Homenaxe a Antón Palacio*, 343-369. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Búa, Carlos (2018). *Toponimia prelatina de Galicia. Anexo 78 de Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/9788417595074>.

Cabeza Quiles, Fernando (2008). *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Cabeza Quiles, Fernando (2020). *Toponimia de Carballo*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: <https://doi.org/10.32766/rag.370>.

Cameselle Bastos, Domingo (1997). *Historia de la parroquia de Baredo*. Baiona: Imprenta Belesar.

Carrasco, Lorena, & Navaza, Gonzalo (2014). *Beado*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

CCME = Comprobación do Catastro do Marqués de Ensenada (1763). *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de Santa María de Baredo (Bayona, Tuy), efectuado por decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución*. Madrid: Archivo General de Simancas, DGR, 1RE, 1158, 12. Ministerio de Cultura. Dispoñíbel en <https://pares.cultura.gob.es/> (Consultado en 02.04.2025).

CME-LRL = Catastro do Marqués de Ensenada (1753). *Libro real de leigos de Santa María de Baredo*. Pontevedra: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Libro 744. Dispoñíbel en <https://arquivo.galiciiana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=1559140> (Consultado en 03.04.2025).

CME = Catastro do Marqués de Ensenada (1753). *Interrogatorio General de Baiona, Baíña e Baredo*. Madrid: Archivo General de Simancas, DGR, CE, RG, L268. Ministerio de Cultura. Dispoñíbel en <http://pares.mcu.es/Catastro/> (Consultado en 02.04.2025).

CODOLGA = López Pereira, José Eduardo (1994-). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro. Dispoñíbel en <https://corpus.cirp.gal/codolga> (Consultado en 10.04.2025).

DdD = Santamarina, Antón (ed.) (2006-2013). *Diccionario de diccionarios (Corpus lexicográfico da lingua galega)*. Santiago de Compostela / Vigo: Instituto da Lingua Galega / Seminario de Lingüística Informática – Grupo TALG. Dispoñíbel en <https://ilg.usc.gal/ddd/> (Consultado en 10.04.2025).

DDGM = González Seoane, Ernesto, & Álvarez de la Granja, María (2006-2022). *Dicionario de dicionarios do galego medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega*. Santiago de Compostela / Vigo: Instituto da Lingua Galega / Seminario de Lingüística Informática – Grupo TALG. Dispoñíbel en <https://ilg.usc.gal/ddgm/> (Consultado en 03.04.2025).

DRAG = González González, Manuel (dir.) (2012-). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñíbel en <https://academia.gal/dicionario> (Consultado en 02.04.2025).

Galicía Nomeada = Xunta de Galicia (2020-). *Galicía Nomeada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Real Academia Galega. Dispoñíbel en <https://galicianomeada.xunta.gal/> (Consultado en 10.04.2025).

García Oro, José, & Portela Silva, María José (2003). *Baiona de Miñor en sus documentos. Actas municipales correspondientes al siglo XVI*. Vigo: Deputación de Pontevedra.

GNG = Boullón Agrelo, Ana Isabel (coord.) (2022). *Guía de nomes galegos*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñíbel en <https://academia.gal/nomes> (Consultado en 10.04.2025).

Hermo González, Gonzalo (2013). "Toponimia maior da parroquia de Taragoña (Rianxo, O Barbanza). Estudo etimolóxico", *Estudos de lingüística galega*, 5, 43-67. Dispoñíbel en: <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/1343> (Consultade en 10.04.2025).

HGNB = Piel, Joseph M., & Kremer, Dieter (1976). *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.

López Hermida, Paula, & Rey Álvarez, Martín (2024). "Alcumes do Val de Miñor. O tesouro inmaterial da xente do común", *Revista de Estudos Miñoráns*, 24, 55-72.

Luna, Aránzazu, & Navaza, Gonzalo (2022). *Valadares*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Marqués Valea, Xulia (2003). *A Toponimia na escola: guía para a recollida, catalogación e estudio dos nomes tradicionais de lugar*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística.

Martínez Lema, Paulo (2017). "Clasificación semántica da toponimia". En Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.), *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*, 37-55. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. DOI: <https://doi.org/10.15304/9788416954353>.

Martínez del Tamuxe, Juan (1972). "Baredo". En Gómez Sobrino, Jesús, & González Santiso, Aquilino (eds.), *Tierras de Taraes y Toroño: Toponimia de Amorín, Baredo, Currás, Sobrada*, 1-4. Santiago de Compostela: Colegio Mayor Gelmírez.

Martínez Tamuxe, Xoán (1981). *Baredo*. Baiona: Gráficas Bayona.

Méndez, Luz (2016). "Toponimia e documentación. Recursos documentais na rede". En Ferro Ruibal, Xesús (ed.), *Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación*, 171-187. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: <https://doi.org/10.32766/rag.307>.

Moralejo Álvarez, Juan J. (2007). *Callaica nomina. Estudios de Onomástica Gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Navaza Blanco, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Navaza Blanco, Gonzalo (2007). *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.

PARES = *Portal de Archivos Españoles*. Madrid: Ministerio de Cultura. Disponível en <https://pares.mcu.es/> (Consultado en 10.04.2025).

Rodríguez González, Afonso (2005). "A memoria da pedra. Lendas do Monte Galiñeiro". En Clube Espeleolóxico Maúxo (coord.), *As covas de Vincios*, 131-161. Vincios: CMVMC de Vincios.

Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008). *Talasonimia da costa sur de Galicia*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade de Santiago de Compostela (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
Mária Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda